

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A PROBA DE ACCESO 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

CRITERIOS AVALIACIÓN GUITARRA

Amosar superados os aspectos técnicos propios do curso, como son, control da produción do son así coma da súa calidade por medio das uñas da man dereita, técnica correcta na man dereita nas súas diferentes variantes (arpexos, escalas, melodía acompañada...), técnica correcta na man esquerda tanto na súa posición xeral coma na acción individual dos dedos, barra (cejilla), desprazamentos, etc...

Do mesmo xeito amosar asimilados os aspectos estilísticos e musicais propios das obras e nivel propostos no programa, así coma un nivel de madurez escénica que permita unha interpretación solvente tanto en público coma diante dun tribunal.

CRITERIOS AVALIACIÓN PIANO

Lograr un repertorio que abrangan os diferentes estilos e épocas pianísticas sendo unha obra de memoria.

Lograr tocar con soltura estudos para vencer as dificultades técnicas dun nivel similar ao do listado orientativo.

Escalas, arpexios e acordes (tendo en conta o tamaño da man).

Valorarase o nivel interpretativo do alumno nas diferentes obras (legato – no legato).

Valorarase a realización de fraseo.

Diferenciar de forma básica a melodía do acompañamento.

CRITERIOS AVALIACIÓN PERCUSIÓN

Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida e articulación adecuadas ao seu contido.

Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.

Interpretar en público como solista e de memoria, as diferentes obras do programa.

CRITERIOS AVALIACIÓN VENTO MADEIRA

Mostrar solvencia na interpretación das obras.

Bo uso das articulacións

Respetar os matices e as ligaduras.

Ter dominio das pasaxes.

Coidar o son e as melodías.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CORDA FROTADA

Adequar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación ás esixencias da execución instrumental. Mediante este criterio da avaliación valorarase en que medida o/a alumno/a:

- Mantén unha adecuada postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento, favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambas as dúas mans.
- Mostra coordinación nos movementos.

Aplicar apropiadamente os aspectos técnicos e musicais na execución de estudos e obras adecuados ao nivel. Mediante este criterio valorarase en que medida o/a alumno/a:

- Utiliza adecuadamente a técnica en aspectos esenciais como a emisión, a afinación, a dicitación e a articulación.

Pór de manifesto a correcta utilización das posibilidades sonoras do instrumento, así como o grao de sensibilidade auditiva necesario. Mediante este criterio valorarase en que medida o/a alumno/a:

- Amosa un coñecemento do funcionamento mecánico do instrumento.
- Utiliza adecuadamente as posibilidades sonoras do instrumento na interpretación do repertorio adecuado ao nivel.
- Ten capacidade de oído interno

Memorizar e interpretar textos musicais do repertorio do seu nivel. Mediante este criterio valorarase en que medida o/a alumno/a:

- Aplica adecuadamente as técnicas de memorización na interpretación sen partitura de obras do repertorio adecuadas ao nivel.
- Mantén a concentración durante a interpretación da obra.

CRITERIOS AVALIACIÓN VENTO METAL

Mostrar solvencia na interpretación das obras.

Bo uso das articulacións

Respetar os matices e as ligaduras.

Ter dominio das pasaxes.

Coidar o son e as melodías.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Cualificación Da Proba Teórico-Práctica

A nota total será de 0 a 10, incluíndo decimais, e suporá o 30% da nota total da proba de acceso. Dos catro apartados cada un deles contará un 25% do total e o alumno **deberá aprobar polo menos tres apartados** para acadar o cinco:

RITMO E LECTURA

No aspecto de ritmo e lectura se valorarán:

- Coñecer os compases e a figura que constitúe a unidade de tempo de cada un dos compases de que conste o exercicio. Corrección na interpretación das equivalencias.
- Dominar da lectura de notas en claves de sol en 2ª e fa en 4ª, e no 2º curso demostrar unha soltura coas demais claves en fragmentos sinxelos.
- Demostrar comprensión dos elementos expresivos do exercicio.
- Adecuar a velocidade de lectura ó tempo (con número ou termo) indicado ó principio da partitura.
- Ler fluidamente e sen paradas.
- Marcar o compás (ou o pulso) de forma axeitada. Pulso claro e regular.
- Coñecer o recurso da improvisación con valores rítmicos dados ou non.
- Demostrar dominio da psicomotricidade a través dos exercicios de percusión corporal na realización dun ritmo ou de dous simultáneos.
- Coñecer a lectura interválica.
- Demostrar a capacidade de transferencia na aplicación de ritmo a un texto dado ou viceversa.

ENTOACIÓN

Valorarase a adecuación da entoación ós seguintes aspectos:

- Corrección na interpretación da tonalidade e modalidade da partitura.
- Coñecemento do tipo de escala na que se basea o exercicio, principalmente no caso de que non corresponda ó 1º tipo.
- Movemento melódico axeitado (ascendente-descendente, por saltos ou graos conxuntos, repetición de notas, cambio de modo).
- Adecuación ó ritmo e ó compás da partitura.
- Demostrar coñecementos de entoación interválica.
- Ser quen de aplicar un texto dado a unha melodía dada.
- Capacidade de improvisar unha pequena melodía sobre un baixo harmónico dado utilizando os graos I, IV e V nas tonalidades ata dúas alteracións, maiores e menores.

- Entoar acordes maiores e menores partindo dunha nota dada.
- Demostrar uns mínimos coñecementos da emisión do son.
- Demostrar a capacidade memorística e de audición interna cunha breve e sinxela melodía preparada para tal fin.
- Mostrar control da correcta afinación.

AUDICIÓN E DICTADO

Os aspectos que se cualificarán, no caso de que sexan correctos, son os seguintes:

- A tonalidade se corresponde coa do modelo.
- Se respecta o modo.
- O compás é axeitado.
- A melodía está reproducida exactamente.
- O movemento melódico se corresponde co modelo.
- A armadura se corresponde coa tonalidade.
- O ritmo é correcto.
- Correspondencia rítmica co modelo.
- Sentido tonal.
- Escritura presentable e correcta.

ANÁLISE/TEORÍA

Os alumnos deben demostrar o coñecemento de aspectos relacionados ca análise e os contidos teóricos propios do cuarto curso, aspectos que deberán responder en forma de exercicios ou ben analizar e buscar nunha partitura sinxela que se lles facilitará, entre outros detallados a continuación:

- Interválica todos os intervalos ata o de 8ª para 1º curso e incluídos os compostos para 2º.
- Tonalidades todas, agás as que implican dobres alteracións para 1º curso.
- Escalas maiores e menores (nos seus catro tipos). Para o segundo curso inclúense ademais outras escalas non tonais, modais ou exóticas.
- Termos relacionados co carácter, a dinámica e a agónica.
- Estructuras melódicas e formais sinxelas (a-b, a-b-a, a-b-a', rondó simple, etc.).
- Recoñecer cadencias e distinguir o seu carácter conclusivo ou suspensivo, así como o tipo no 2º curso (perfecta, imperfecta, plagal, semicadencia, rota)
- Recoñecer notas alleas á harmonía (floreos e notas de paso).
- Recoñecer os acordes tonais (I, IV e V), e de tódolos acordes da tonalidade para o 2º curso.
- Recoñecemento dos acordes tríadas (maiores e menores) e as súas inversións, e os de sétima de dominante, diminuídos e de sensible para o 2º curso.
- Demostrar a capacidade de lectura vertical nunha partitura principalmente para piano.